



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Servizo de Patrimonio e Contratación

Número 67/2017

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA FINANCIAR A CREACIÓN DUNHA “CÁTEDRA DE DEREITO LOCAL”

Na Coruña 31 de maio de 2017

### REÚNENSE

D. Xesús Manuel Soto Vivero, Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento da Excm. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área, e

Don Julio E. Abalde Alonso, Reitor da Universidade da Coruña (en diante UDC), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de universidades, e o artigo 36.1.f) do Decreto 101/2004 do 13 de maio modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña,

Actuando os intervincentes, na representación indicada e recoñecéndose mutuamente capacidade para a sinatura do presente documento

### MANIFESTAN

1. No século XXI, o Dereito Público pasa por superar as coordenadas dun Dereito construído sobre os alicerces e cos límites dos Estados nacionais, cos obxectivos postos en construír as bases dun Dereito Público Global. Estaremos, sen dúbida, ante un dereito de natureza fundamentalmente principal, que haberá de gravitar sobre as esixencias do Bo Goberno e a Boa Administración, unha novo paradigma sobre a maneira de gobernar no actual horizonte da globalización, ante os profundos cambios experimentados na sociedade, como resposta dos fallos de mercado e como froito da nova xestión pública. O Dereito Público Global obriga a poñer a mirada sobre outros ordenamentos xurídicos, de igual ou moi distintas raíces, nos que, a pesar das diferenzas, pode falarse da existencia dun dereito común, se con iso referímonos ás esixencias dos cidadáns respecto das actuacións dos poderes públicos.
2. Os dereitos fundamentais, a contratación pública, a Gobernanza e a Boa Administración, a función pública, as políticas sociais, a ordenación do territorio e o urbanismo, o patrimonio cultural e o medio ambiente teñen unha presenza continuada no desenvolvemento da función pública local.
3. A área de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña desenvolveu aos longo dos últimos 20 anos unha función de servizo en materia de Dereito Público á sociedade desde distintos ámbitos, como o académico, o formativo, o científico, o lexislativo, o xudicial, de xestión, no empresarial, o internacional, etc., Un gran número de actividades e proxectos de investigación en materia de Dereito Local foron desenvolvidos polos membros do Área.
4. Nesta circunstancia e tras esta longa traxectoria de coñecemento e de difusión de resultados, os investigadores cren que é necesario establecer un plan de acción para impulsar a difusión

- do Dereito Público no ámbito da Administración Local e a súa proxección comparada e global
5. Un dos mecanismos máis axeitados para acadar estes obxetivos é a creación de Cátedras patrocinadas. As denominadas Cátedras Institucionais , financiadas cunha dotación económica periódica , permiten desenvolver actividades non lucrativas específicas de formación, de divulgación, de transferencia de coñecemento e de investigación nos ámbitos de interese común.
  6. A Deputación Provincial da Coruña pretende facer a súa contribución para a creación e desenvolvemento deste plan de acción, polo que considera moi desexable contar coa Universidad da Coruña (UDC) a través da creación dunha Cátedra institucional, dado o interese común de ambas Institucións.
  7. A proxección no ámbito local e das Entidades locais dos principios da Boa Administración e o Bo Goberno no exercicio da función pública e a protección dos dereitos sociais que a estas entidades corresponde, constitúe o obxectivo desta cátedra en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña, e por medio dela, o conxunto de municipios da provincia., tendo como misión:
    - a. A transmisión de coñecementos en materia de Dereito Local e a súa transferencia desde o punto de vista comparado.
    - b. A mellora na Administración Local, no seu sentido máis amplo.
    - c. O desenvolvemento da sociedade da información
    - d. A converxencia de Galicia con outros países e rexións en materia de Dereito Local ,e en especial no ámbito do dereito administrativo Iberoamericano
  8. A necesidade de contar cos medios e estruturas necesarias como é esta cátedra, que permitan contribuír e a formación, á información, ao asesoramento e á transferencia de coñecementos sobre estes sectores permitirá dinamizar o modelo de Administración Local vixente a servizo do interese xeral e da sociedade no seu conxunto.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña (NIF: Q6550005J) para la creación , puesta en marcha y financiamento dos gastos derivados da Creación dunha Cátedra de Dereito Local.,co fin de fomentar o intercambio de experiencias nos campos da docencia e a investigación,

Esta cátedra está chamada a ser un instrumento que lle permitirá contar con recursos académicos de excelencia precisos para desenvolver unha parte importante do seu programa formativo., dacordo co Regramento para a creación e xestión das Cátedras Institucionais da UDC aprobado polo Consello de Goberno do 28 de febrero de 2013

#### 1. Os fins xerais desta Cátedra Institucional serán:

-Fomentar, divulgar e contribuír con actividades de formación, información e asistencia a través de:

- Estudos en materia de Dereito Local
- Estudos de Dereito Autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa incidencia no ámbito da Administración Local galega.
- Cursos de Dereito Local
- Xornadas internacionais de dereito comparado
- Publicación dun anuario de dereito local iberoamericano.
- Desenvolver unha newsletter de dereito local para os concellos da Coruña.
- Realizar un informe anual sobre a situación do dereito comparadolocal.

Contribuír á formación dos funcionarios e técnicos ao servizo das Corporacións Locais e da Deputación Provincial aí como impulsar e desenvolver outros medios necesarios ao servizo dunha boa administración.

Colaboración en maestrados e outros estudos de posgrao, tanto oficiais como propios, tanto nacionais como internacionais

-Organización de programas de bolsas para os estudantes que participen activamente nalgún dos seus proxectos.

Preparación de Ordenanzas-tipo , regramentos, pregos e modelos-tipo de expedentes da Administración Local.

Promoción da lingua galega .

## **2. De investigación**

- Cooperación para lograr proxectos de investigación no ámbito galego, nacional, europeo e internacional

- Promoción de encontros, intercambio de expertos entre distintas Universidades Europeas e iberoamericanas e Redes docentes no marco da cooperación internacional universitaria.

## **3. De divulgación:**

- Organización de xornadas de carácter divulgativo

- Publicacións en materia de Dereito Local e Dereito Local comparado e iberoamericano.

- Promoción e participación en Foros, e en acontecementos científicos e técnicos locais e internacionais

- Divulgación das actividades da Cátedra no ámbito local e iberoamericano.

## **4. De transferencia de conocimiento.**

- Promoción e subscrición de convenios e contratacións de grupos da universidade para desenvolver accións de innovación ou asesoramento e consultoría especializada en materias propias da Cátedra.

A Catedra estará coordinada por un profesor/a designado/a polo Reitor, previa proposta do Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

## **II.- ACTIVIDADES A DESENVOLVER**

1. Iniciativas que se desenvolverán durante ou período de vixencia dá cátedra

Para o logro dos seus fins, a "Cátedra de Dereito Local" ten a intención de desenvolver desde os seus inicios, entre outras moitas, as seguintes actividades, salvo que a comisión de seguimento manifeste a súa non conformidade.

### **A. ACTIVIDADES DIVULGATIVAS:**

De carácter permanente, son actividades desta Cátedra:

- ✓ A realización de estudos en materia de Dereito Local
- ✓ A realización de Cursos en materia de Dereito Local
- ✓ Desenvolver unha newsletter de dereito local para os concellos da Coruña.
- ✓ Elaborar o anuario Iberoamericano de Dereito Local
- ✓

### **B.PUBLICACIONES**

Elaboración e publicación de estudos en materia de Dereito Local e Dereito Local comparado

Elaboración do Anuario Iberoamericano de Dereito Local

### **C. COLABORACION DE OTRAS ENTIDADES**

Poderanse incorporar como entidades colaboradoras da cátedra, mediante a correspondente sinatura de convenios ou acordos de adhesión , aqueles organismos oficiais ou institucións e colexios profesionais que actúan no ámbito da Administración Local, e en especial

1. O Colegio Oficial de secretarios, interventores y tesoreros de administración local de A Coruña (COSITAL Coruña)
- 2.- Os Institutos oficiales de Administración pública nacionales y extranjeros, especialmente iberoamericanos e Instituto europeo de Maastrich.
- 3.- O Foro Iberoamericano de Derecho Administrativo
- 4.- A Red eurolatinoamericana de profesores de Derecho Administrativo
- 5.- A Sección Española del Instituto Internacional de Ciencias Administrativas.

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima anual de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **100 %** do orzamento total.

2. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3269/45390 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2017	0112/3269/45390	20.000
2018	0112/3269/45390	20.000
2019	0112/3269/45390	20.000
2020	0112/3269/45390	20.000

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese a **UNIVERSIDADE DA CORUÑA** que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

4.- A achega da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da achega provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- DESENVOLVEMENTO. Centro Internacional de Estudos Locais, con sede no Pazo de Mariñan,

A. A execución das modalidades de cooperación prevista neste convenio de colaboración e no Plan de Actuación poderá ser obxecto de convenios ou contratos específicos elaborados de común acordo entre ambas as dúas institucións, e previa existencia de crédito adecuado e suficiente y aprobación polo órgano competente, en que se determinará:

1. A definición do obxecto que se persegue
2. A descrición do programa de traballo con indicación das distintas fases deste e o correspondente programa
3. A formulación e aprobación do orzamento total, indicando expresamente as achegas de cada parte e asignado, se é o caso, a conseguinte partida orzamentaria
4. A relación das persoas que interveñen nel
5. No caso de investigacións conxuntas, estableceranse as bases de entendemento para a publicación de resultados, así como a forma de rexistro e participación no relativo a dereitos de propiedade industrial e intelectual.
6. A duración do convenio ou contrato
7. Calquera outro aspecto que se considere relevante

Os devanditos convenios ou contratos poderán ser xestionados pola Universidade da Coruña ou por entidades vinculadas á UDC e habilitadas para tal fin, e serán incorporados como addendas ao presente acordo e axustarase en todo caso ás normativas internas da Universidade da Coruña e á lexislación xeral en materia de réxime local e de contratación.

No caso de que os alumnos realicen prácticas, estas deben canalizarse a través dos correspondentes programas de cooperación educativa, que requirirían a subscripción do correspondente convenio de acordo coa normativa vixente na materia RD 592/2014, do 11 de xuño polo que se regulan as prácticas externas dos estudantes universitarios (BOE 30 de xullo de 2014) ou aquela que no futuro a substitúa.

B. Centro Internacional de Estudos Locais, con sede no Pazo de Mariñan.

Ambas as partes acordan avanzar na constitución dun Centro Internacional de Estudos Locais, con sede no Pazo de Mariñan, previos os tramites e acordos correspondentes.

#### **V. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.**

No prazo de 30 días hábiles a partir da data de sinatura do presente convenio marco, constituirase unha Comisión de Seguemento,. A devandita comisión será órgano de planificación, seguemento e avaliación das accións derivadas do presente convenio. A Comisión de Seguemento reunirse sempre que o solicite unha das partes e, polo menos, unha vez ao ano.

Por parte de UDC, os membros da Comisión de Seguemento serán:

- A persoa titular da Vicerrectoría que tenga asignadas as competencias en materia de investigación e transferencia, ou persoa en quen delegue.
- O coordinador da cátedra.

Por parte da Deputación Provincial da Coruña:

- O Presidente da Deputación Provincial da Coruña.
- O xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación
- 

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Controlar a execución do plano de actuación da Cátedra e propondor as modificacións que proceda
- Estudiar as eventuais ampliacións da dotación económica da Cátedra para o financiamento de actividades acordadas.
- Aprobar a Memoria anual de actividades
- Adoptar os acordos necesarios para o cumprimento dos fins e obxectivos da Cátedra, de acordó coa normativa da Universidade da Coruña e o presente convenio.
- Proponer a resolución das dúbidas que puideran xurdir na aplicación do convenio

En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas no presente convenio.

#### **VI.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades sinaladas na cláusula primeira, polo que na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e o logotipo da Deputación nos documentos escritos, carteis e paneis informativos

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UDC.

## VII.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

Cada ano considerase un periodo de xustificación , computandose dende a sinatura do presente convenio

1. No primeiro ano da catedra ( e decir a partires da sinatura do convenio ) a achega da Deputación abonarase do seguinte modo :

1.A.-O 50% en concepto de anticipo prepagable , previa presentación de certificación de inicio de actividades da catedra, expedido polo Director da Cátedra

1..B.- O 50% restante :

A achega da Deputación seralle abonada á UDC despois da presentación da seguinte documentación, dentro dos tres meses seguintes á finalización do primer ano ,

\* Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Certificación desagregada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ( a solicita a Deputación de oficio, segundo o previsto na cláusula 8ª )

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta.

2.-Nos anos sucesivos ( 2º, 3º y 4º año ) a chega abonarese , cada ano, do seguinte modo :

2.A.- O 50% en concepto de anticipo prepagable , previa presentación de certificación de continuación das actividades da catedra ,expedido polo Director da Cátedra

2.B.-O 50% restante ,

A achega da Deputación seralle abonada á UDC despois da presentación da seguinte documentación, dentro dos tres meses seguintes á finalización de cada periodo de xustificación anual:

\* Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Certificación desagregada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ( a solicita a Deputación de oficio segundo o previsto na cláusula 8ª)

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta

3 No caso de que a UDC non presente a xustificación no prazo establecido a Deputación realizaralle un requerimento concedendolle un prazo de 15 días para o cumprimento desta obriga formal. Trascorrido dito prazo sen que a UDC achegue a documentación xustificativa, a Deputación quedará facultada para instar a resolución do Convenio consonte ó previsto no artigo 51.2 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

4 O abono da achega materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UDC na documentación aportada

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a UDC terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.**

1.- A UDC autoriza a Deputación a consultar e obterer telemáticamente los datos e certificados de cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social a os fins do presente convenio e en especial , con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A UDC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UDC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- REINTEGRO**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

Para o procedemento de reintegro, no seú caso, iniciarase de oficio, e para a súa súa tramitación aplicaranse artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

### **XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE CONVENIOS**

1.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

2.- A información sobre as achegas incorporadas ó mesmo será remitida ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas de Galicia a través da plataforma única de rendición de contas.

## **XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio se iniciará coa formalización e terá unha duración de catro anos.

O Convenio poderá ser prorrogado por ata un máximo de outros catro anos, de mutuo acordo e de forma expresa. A dita prórroga estará condicionada a súa aprobación polos órganos competentes de ámbalas dúas institucións, e existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previo informe da Comisión de Seguimento, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o 28 de Abril de 2017


E en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio por cuadruplicado na data que se indica na cabeceira.

O Presidente, P.D  
O Deputado de Patrimonio, Contratación  
E Equipamento



Asdo.- Xesús Soto Vivero

O Reitor da Universidade  
da Coruña



Asdo .- Julio E. Abalde Alonso